



A literatura gastronómica de Álvaro Cunqueiro: a propósito do *príncipe prateado*

Armando Requeixo

armando.requeixo.cuba@usc.gal

Resumo. Este artigo estuda a literatura gastronómica de Álvaro Cunqueiro centrando a atención nun dos elementos máis recorrentes desta escrita: a figura do salmón.

Nos diferentes apartados dos que consta este traballo defínese o concepto «literatura gastronómica» aplicado á obra do mindoniense; infórmase sobre a relación de Cunqueiro coa Estrada; dáse noticia do seu papel como pregoeiro da IV Festa do Salmón en maio de 1977; lévase a cabo unha relación exhaustiva dos textos de Cunqueiro que tratan monograficamente sobre o salmón e refírense tamén outros textos nos que este peixe é amentado máis circunstancialmente.

Abstract. This article focuses on the gastronomic literature of Álvaro Cunqueiro, paying special attention to the figure of the salmon, one of most recurring elements in his writing.

In the different sections of this paper, the concept of 'gastronomic literature' applied to the work of the writer from Mondoñedo is defined. The article also describes the relationship between Cunqueiro and the municipality of A Estrada and his role in the inauguration of the 4th Salmon Festival in May 1977. It also offers a comprehensive list of Cunqueiro's monographic texts about the topic of the salmon and other texts that deal more circumstantially with this subject.

A admirable polifacencia de Álvaro Cunqueiro ten levado a que, en moitas ocasións, fose presentado como «escritor e gastrónomo», entendendo que ambas as dúas realidades eran nel entes dissociados dos que se ocupaba por igual. Deste xeito, xerouse unha visión segundo a cal o mindoniense foi poeta, narrador, dramaturgo e ensaísta e logo, como se dun continente autorial distinto se tratase, tamén «xornalista» e «gastrónomo».

Pois ben, as páxinas que seguen queren ser unha mostra do que noutros lugares xa sostiven: que Cunqueiro nunca deixou de facer literatura, por máis que escribise nos xornais ou revistas, que locutase textos radiofónicos ou, como aquí tentarei demostrar, abordase nos seus textos contidos e temáticas que entran de cheo na esfera da gastronomía. Dito noutras palabras: Cunqueiro exerceu a «literatura gastronómica»; ou sexa, a escrita literaria sobre tema gastronómico,

verbo de asuntos que teñen que ver co ámbito da arte culinaria e da súa cultura, si, mais codificando a escrita como un relato, unha creatura arquitecturizada seguindo unha retórica xenuinamente literaria.

De por parte, neste artigo centrarei a atención nun subcontinente da extensa, feraz e sempre abraiante literatura gastronómica de Cunqueiro: a escrita salmónida, dando noticia e comentando todos aqueles textos do de Mondoñedo nos que o que el chamou o «príncipe prateado» ten presenza protagonista ou, no seu defecto, é amentado de xeito substantivo.

Tamén si, dedicarei un capítulo a aqueles artigos nos que A Estrada, como epicentro salmónido por excelencia, foi o obxecto primordial da atención cunqueiriana, pois non en van o mindoniense tivo no seu día a fortuna de ser o pregoeiro da afamada Festa do Salmón, como logo igualmente detallarei.

Entremos, pois, en materia cunhas precisións iniciais sobre a literatura gastronómica de Cunqueiro.

A literatura gastronómica

Sería non só prolixo senón que sobordaría nidiamente os naturais límites deste breve ensaio pretender mapear agora o vasto e poliédrico labor que ao longo de case medio século desenvolveu Cunqueiro no eido da literatura gastronómica. Por iso mesmo, conformareime con anotar apenas unhas cantas cuestións hermenéuticas que han contribuír a mellor entender a importancia desta escrita e, indo máis ao concreto, o porqué da querenza polo salmón, en xeral, e polos coutos de pesca e as hospitalarias terras da Estrada, en particular.

O primeiro que cómpre lembrar é que toda a escrita gastronómica de Cunqueiro está tradeada de intertextualidades. Cando este aborda a *sui generis* receita dun prato, cando evoca as bondades dun alimento, dunha carne ou dun peixe, dunha deliciosa sobremesa ou dun incomparable caldo, faino salferindo todo o texto de alusións a lecturas eruditas verbo da cuestión, acudindo ao saber da tradición oral e, sobre todo, vaporizando a prosa dunha pulsión imaxinativa que torsiona e (re)crea a realidade ata facela outra, ben arredada do

asunto *tout court* que, aparentemente, pretendía presentarse: poño por caso, a elaboración dunha comida calquera.

E isto sucede así porque a Cunqueiro non lle interesou nunca a pretensión instrutiva do texto gastronómico. As técnicas de preparación, os tempos de elaboración, a orde de ingredientes e as cantidades destes son realidades que, sistematicamente, Cunqueiro furta. Velaí a razón de por que nos seus libros sobre o tema é abondo difícil orientarse á hora de cociñar un prato, pois o mindoniense prefire decote os excursos ilustrativos, a mención a próceres do pasado que tiveron algunha relación co cociñado, a invocación como autoridade de célebres mestres dos fogóns, a relación de historias, sucedidos ou mitoloxías arredor dese alimento ou, en fin, calquera outra cuestión que se escape da simple e funcional receita.

Se un repasa a bibliografía «maior» da literatura gastronómica do autor (refírome, fundamentalmente, ao *Teatro venatorio y coquinario gallego*, escrito en colaboración con Xosé María Castroviejo en 1958, catro anos despois revisitado en *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia*, amais de *La cocina cristiana de Occidente* de 1969 e *A cociña galega* de 1973), e tamén a amplísima nómina de artigos dedicados ao tema, poderá comprobar ata que punto se produce en todos eles esta deconstrución interna das normas do xénero, que proxectan heterodoxamente a literatura gastronómica de Cunqueiro cara a algo que non é, xaora, un recetario ao uso, senón un relato, un texto dacabalo entre o alusivo e o imaxinativo.

Como tece, xa que logo, este seu relato gastronómico Cunqueiro? Pois creando unha arañeira textual da que participan, en proporcións cambiantes, poeticidade, humor, bibliofilia e fabulación, adobiados con profusión de notas sobre as comidas e os recursos que se condimentan con saberes literarios, históricos, mitolóxicos, vivenciais, modas, crenzas, documentacións, recomendacións e aínda descricións. E nisto coincido co que xa outros colegas teñen sinalado, entre eles Roberto Pascual («Sobre los sentidos en la cocina (para)literaria de Álvaro Cunqueiro», *Revista de Filología Románica. Anexo V*, 2007, 268-279) ou César Prieto Álvarez («Álvaro Cunqueiro: también entre pucheros anda la imaginación», *Cuadernos de Aleph*, 14, 2022, 31-51).

En resumo: cando Cunqueiro escribe sobre a arte culinaria e a súa cultura faino coa consciencia plena de que a narración dos feitos reais, memorados, transfigurados e incluso transreais ten de constituír non só unha experiencia para o padal, senón, antes nada, un alimento para ese animal que soña e le ao que chamamos ser humano.

Cunqueiro beira do Ulla

O autor do *Merlín e familia* deixou dito que Galicia era o país dos dez mil ríos. E se ben é verdade que o salmón, ese príncipe prateado, remonta por igual o Miño, Lárez, Umia, Tambre, Mandeo, Sor, Landro, Masma e Eo, non é menos certo que de todos eles é o Ulla aquel ao que o mindoniense remite como matria galega por excelencia do *salmo salar*.

Consecuentemente, é á Estrada a quen lle cabe a honra de ostentar o título de capitalidade salmónida e así o reflectiu Cunqueiro en diferentes textos. O primeiro deles, titulado «Por el Ulla a Tierra de Montes», deuno a coñecer no *Faro de Vigo* o 24 de xuño de 1954. Un artigo, por certo, que aínda redactou dende Mondoñedo, anos antes de marchar vivir a Vigo e dirixir despois o xornal da cidade olívica.

Naquel primeiro artigo Cunqueiro describía así A Estrada:

Subiendo a A Estrada, toda la mañana es de oro, en la tierra tojo, *xesteiras*, y en el aire, y a medio camino viendo unas torcaces salir volando, con ese vuelo tan hermoso que tienen, me pasmo que no sean también doradas, como pájaro de retablo barroco, y que la villa, A Estrada, tampoco lo sea (...) Por donde subimos a A Estrada alta y fría, subía el romano a curarse el reumatismo a Cuntis, y bajaba el peregrino a Compostela. Esos enormes reumas de los romanos recordad las páginas de Gregorovius: aquel Severinus con sus dos literas, una con bañera de agua caliente y barro de Aquisgrán, y los porteadores ensayados por música en un pase dulce, como mecedora antillana, debían reclamar una vía ancha y descansada, calzada de piedra noble en el monte oscuro y hostil. ¿No queda en A Estrada siquiera un palmo de esta vía salúfifera? (...) Y no me sorprendió que A Estrada no tuviese río, que ya tenía, ella misma lo era, camino, que tanto vale. Por la *Guía* de don Ramón Otero Pedrayo pensábamos ver desde la alta A Estrada las torres lejanas de Compostela. Tanto gusto llevábamos puesto en ello que parece que las vimos, aun a través de una neblina rosa y oro que subía del valle ullano.

Desta primeira visita estradense, como se ve, fican varios elementos en destaque: a fermosura da paisaxe que marabillou ao mindoniense; a súa invitación a traballar na recuperación da vila como espazo de tránsito dun camiño salutífero; e a súa natural e privilexiada veciñanza compostelá. Porén, nesta bela evocación aínda non figuraba o salmón.

Cando a fins dos anos sesenta a leonesa Editorial Everest lle propuxo a Cunqueiro a confección dunha guía sobre *Pontevedra. Rías Bajas* este non deixou pasar a ocasión de inserir nela un capítulo dedicado «A Cuntis y al Pazo de Oca». Velaquí como presentaba en 1969 á Estrada:

Y por el valle del Veá vamos a A Estrada, una villa rica y pujante, con importante industria y grandes ferias y mercados, nacida, como su nombre dice, en el camino, o en un cruce de ellos, de la vía romana que pasaba al Ulla en Pontevea e iba a Cuntis con los latinos, y el de las peregrinaciones y arriería, que dice Otero, que cruzaba la Terra de Montes camino de Compostela. En los días claros, desde A Estrada, que es un espléndido mirador sobre el Ullán, se ven las torres de Santiago, y en la noche, luces. A Estrada es compostelana. Cerca, en Tabairós, está lo que queda de la torre de A Barreira, que fue de los arzobispos, y conoció días militares.

Oca es famoso y enorme (...) Tiene la gracia del XVIII. Patio de arcos, grandes salones, torres y un jardín de mirto, rosas y laberinto, y un hermoso castañar. Es un Versalles barroco y campesino (...) Entre todos los pazos del Ulla, el de Oca es el más grandioso, pero siempre habrá quien prefiera Liñares, entre robleadas, o Santa Cruz de Ribadulla, con sus prados, sus olivos y eucaliptos, y los magnolios que admiró Jovellanos, quien en una mula de tranquilo andar llega a Oca a leer a aquellos hidalgos el *Memorial* en defensa de la Junta Central, en los días de la guerra de la Independencia. La grandeza de Oca y su silencio ponen melancólica el alma del viajero.

Novamente un retrato laudatorio que gaba á Estrada pola capacidade de progreso, pola nobreza da nacemento como antiga vía e polo estreito vincallo compostelán, ao que se engade agora a loa do espectacular Pazo de Oca e outros pazos da contorna. Mais, outra volta, o salmón segue sen aparecer.

O último dos artigos cunqueirianos dedicados monograficamente á Estrada que fun quen de atopar integrouse na serie «El envés» do *Faro de Vigo* e publicouse o 19 de maio de 1977. E aquí, por fin, o príncipe prateado reclamou o seu lugar para converterse no dono e

señor das súas verbas, pois este texto nacera dun feito senlleiro que convén referir máis polo miúdo.

Historia dun pregón

Alá polo ano 1974 un grupo de estradenses entusiastas e xenerosos decidiron instituír unha celebración que puxese en valor as excelencias do salmón do Ulla. A proposta vehiculouse a través do Centro de Iniciativas e Turismo da Estrada (CIT), asociación que nacera en setembro do ano anterior.

Con tal motivo, o dous de xuño daquel ano tivo lugar a primeira Festa do Salmón da Estrada, na que lle coubo a honra de ser pregoeiro a Xosé Filgueira Valverde.

Ao ano seguinte, a celebración ficou establecida xa definitivamente para o terceiro domingo do mes de maio, que naquela ocasión veu como David Pérez Puga, por entón procurador en Cortes, gababa as excelencias do salmón. A este deulle o relevo en 1976 o economista, escritor e tamén político Carlos Mella, estradense do Foxo.

Pois ben, na cuarta convocatoria da Festa do Salmón foi convidado a pronunciar o pregón Álvaro Cunqueiro. Non era a primeira vez que este afrontaba tal reto. Parece que uns anos antes fora designado para un cometido semellante a propósito dunha reunión na que ía exaltarse o salmón do Eo, pois nunha nota breve inserida no «Índice olívico» do xornal compostelán *La Noche* do 7 de xaneiro de 1967 informábase de que: «Probablemente, el pregón de la ‘exaltación del salmón’, fiesta que va a celebrar la Mancomunidad del Eo, será pronunciado por el ilustre escritor y periodista residente en Vigo don Álvaro Cunqueiro, que hablará del salmón y, claro está, de su aspecto culinario».

Confeso que non fun quen de atopar confirmación de que tal xornada finalmente se levase a cabo. Mais do que si hai constancia é de que ese mesmo ano en Lugo se celebrou unha Tempada Gastronómica que abriu como pregoeiro Álvaro Cunqueiro. De feito, polo xornal *El Progreso*, no artigo de redacción «Álvaro Cunqueiro pronunciará el pregón de la 1 Temporada Gastronómica», sábese que

o de Mondoñedo falou no Círculo das Artes o sábado 9 de decembro de 1967 e, á vista de que entre as xornadas que inauguraba había unha prevista para o mes de marzo do seguinte ano que ía dedicarse como «Semana de la trucha y el salmón», é de supoñer que na súa alocución xa se ocupase do intrépido remontador de ríos.

Canto ao pregón estradense de Cunqueiro, tamén hai noticia varia del na prensa da época. Así, *El Pueblo Gallego* do domingo 15 de maio de 1977 (no artigo de axencia «IV Fiesta del Salmón en La Estrada») informaba de que ese día: «A las doce horas tendrá lugar el pregón de la fiesta, en el paseo central de los jardines de la Alameda, a cargo del escritor Álvaro Cunqueiro Mora».

O martes día 17, de novo *El Pueblo Gallego* (no artigo tamén de axencia «IV Edición de la Fiesta del Salmón en La Estrada») concretaba: «La jornada principal de la fiesta fue ayer domingo [a nova da Axencia CIFRA estaba asinada do luns día 16], con pregón a cargo del escritor Álvaro Cunqueiro y banquete oficial en el que participaron más de ciento cincuenta personas. En este acto participó la masa coral estradense, que ofreció un breve recital polifónico». Da súa parte, no *Faro de Vigo* do 19 de maio o correspondente Leis Camba asinaba a nova «Ramiro Neira y Jesús Carbia, triunfadores en el II Concurso Internacional de Pesca del Salmón», onde apuntaba: «El pregón pronunciado por el ilustre escritor Álvaro Cunqueiro, en el Teatro Principal, fue seguido con interés por el auditorio que abarrotaba la sala, premiándole al final con fuertes aplausos».

Tamén si, tiven o privilexio de recadar a opinión dunha testemuña excepcional daquel evento: a súa raíña das festas, María Coutinho Villanueva, cuxa intelixencia, profesionalidade e memoria igualan á beleza que xa entón se lle recoñecía e quen me trasladou o entusiasmo hipnótico que espertou no auditorio a *lectio magistralis* coa que Cunqueiro agasallou a todas as persoas presentes no Teatro Principal e que logo continuou cunha amena e erudita conversa no xantar celebrado na Sala Gradín. Por desfortuna, o feito de que o mindoniense estivese bendicido co don divino da palabra, e de que fose quen de bordar en ourivería dourada pezas oratorias sen precisar guión nin papel, prívanos hoxe de ter por escrito o pregón.

Mais non todo foron perdas e, por máis que non se conserve texto ningún da súa intervención, endebén Cunqueiro si que escribiu a crónica da IV Festa do Salmón para o *Faro de Vigo*, onde apareceu publicada o 17 de maio daquel 1977.

Malia a súa extensión, e na crenza de que ha de ser de interese polo tema que se está a tratar, non me resisto a reproducir case integramente este «Viaxando á Estrada»:

El era pola festa que acolá lle fan ao salmón dos coutos do Ulla, famosos. A mañá era fresca, e choviñaba de cando en vez, e logo viña unha raxeira de sol e a paisaxe parecía, verde que te quero verde, como acabada de pintar (...) Con choiva chegamos á Estrada, que se dispuña a celebrar a cuarta festa do salmón. Houbo todo o salmón que se quixo, como se fora verdade todo o que se ten fantaseado da riqueza salmoneira de antano, e aínda seguirá a abundanza. Xa saben que se contaba que houbo un tempo, quizabes o de María Castaña —xa teño falado desto nestas mesmas páxinas—, no que xentes que traballaban perto dos ríos nosos que remonta o salmón pedían a quen os empregaban que non lles desen salmón máis que dúas ou tres veces á semana, que xa estaban cansos da carne do príncipe dos ríos. Xa saben que non foi verdade, e que é unha fábula, mentira que corre en Galicia, en Santander e Asturias, en Francia, en Inglaterra... Ninguén puido nunca dar unha proba da cousa, nin apareceu papel de antigüidade no que tal se puidera ler. Aquí non tivemos a «horda prateada», coma no Canadá occidental, e Le Danois sostén que o número de salmóns nos ríos europeos mantense constante deica os nosos días, no que aparecen os ríos emporcallados que todos coñecemos.

Había, houbo, salmón para todos, e servido con arranxo a tres receitas diferentes. A primeira, simplemente cocido, e a salsa maionesa era de calidade, fina, suave. Logo, déronnos salmón á Pompidou. Non sei de onde lles chegaría aos cociñeiros da Estrada a receita. Decidimos que é un error de concepción. Naquela salsa roxiza na que acompañan o toro de salmón uns camaróns que resésegan, todo o sabor do peixe pérdese, e ademais a carne endurece. A cociña consiste, esencialmente, en conservar o sabor natural das cousas que van a ela. O salmón á Pompidou era un salmón disfrazado, podía ser calquer outro peixe. A terceira receita, «á americana», podía ter sido substituída por un salmón grillé. E por moi xenerosos de salmón que seían os da Estrada, e sono, con dous pratos de salmón abundaba. En todo caso, e pois estamos no país das empanadas, o ciclo do salmón na mesa podía pecharse cuns grandes pastelóns de salmón —ou cuns pasteloniños de salmón, case que individuais, ou individuais de todo (...)

Digo isto porque entre todos debemos axuda a que a festa do salmón na Estrada seña cada ano mellor. E é por iso polo que tamén teño que decir algo dos viños. O salmón pide un tipo Sauternes, é decir, un viño levemente doce. Podemos chegar ao punto, e xa rozando a heterodoxia, de aceptar un albariño, por exemplo, pois estamos perto das terras nas que medran as viñas, indo ribeiras do Ulla abaixo. En Galicia a xente, polo que escoito, non está polos viños

suavemente adoçados, cando son os pedidos pra certos mariscos e pra certos peixes. Moitos galegos coidan que son viños pra señoritas. Días pasados, en *Le Monde*, o gastrónomo Le Reyniere quebraba unha lanza en favor destes viños de que falo –e entre os que están un dos millores do mundo, Chateau Yquem–. O que eu pido aos da Estrada é, que nos xantares vindeiros, non bebamos viños de Valladolid.

Alargueime moito nisto, é que quería falar da sorpresa de todos os visitantes da Estrada o domingo pasado. Nunhas salas do pazo municipal, había unha exposición. Unha exposición non corrente. Alguén, con moita sensibilidade, fotografara todos os cruceiros da comarca da Estrada, e tiñamos alí noventa e nove, algún románico, outros barrocos, patéticos Cristos, pietates dolorosas, Nais con Fillos no regazo, Marías vestidas como señoras damas do XVIII que saíran dun salón do veciño pazo de Oca... Noventa e nove variacións sobre o mesmo tema, noventa e nove diferencias. Non se podería, dalgún xeito, manter a exposición permanente na Estrada, e traguela tamén ás cidades e vilas? Non se podería arrincar de aí un inventario dos cruceiros de Galicia? Gracias a quen traballou pra que esa amosa de cruceiros fose posible: supoño que as mans do médico Reimóndez, autor da tan lograda *Guía de La Estrada*, non serían alleas a ela.

Seguía chovendo sobre a gracia verde da terra. Axiña o serán, caíndo suave, iba pousar sobre os campos, as carballeiras, os piñeirais, as ribeiras do Ulla felices.

A escrita do príncipe prateado

A literatura gastronómica de Cunqueiro, máis alá de puntuais insercións aquí ou acolá en textos doutro xorne e temática, nace por volta da década dos corenta, afiánzase nos cincuenta e sesenta e consolídase nos setenta ata os derradeiros días do autor.

No estudo introdutorio á súa antoloxía da articulística cunqueiriana *Al pasar de los años* (Madrid, Biblioteca Castro, 2020), Miguel González Somovilla documenta estes inicios en setembro de 1940, cando Cunqueiro publicou na revista *Vértice* o enolóxico «Introducción a una genealogía de los vinos de España». Logo, disfrazado baixo un título novelesco, o mindoniense incorporou un feixe de escritos sobre esta materia redactados ao longo dos anos corenta e primeiros cincuenta ao libro *El caballero, la muerte y el diablo* (1956). É este corpo de textos o que logo nucleou *La cocina cristiana de Occidente* (1969), o seu primeiro volume ideado arredor do universo gastronómico.

En consonancia co anterior, a súa escrita salmónida principiou tamén por este tempo, pois o 9 de maio de 1954 publicou en *La Voz*

de Galicia a colaboración titulada «El país del salmón y los cerezos», que integrou na serie «Retratos imaginarios».

O príncipe prateado do que fala Cunqueiro nesta altura non é o *salmo salar* ullán que logo aparecerá noutros escritos posteriores, senón o peixe que remonta o Masma dende o estuario da Espiñeira, en Foz, ata o Cadramón, na Serra do Xistral, pasando polo val de Mondoñedo. Por alí é por onde «la plateada tribu de los salmones remonta el dulce Masma» e onde, co crepúsculo, «en el último lance picó un salmón», «príncipe de las hordas de plata (...), noble señor del submarino bosque (...) de las estirpes salmónidas», que xace morto «tan grave y noble la forma, y limpia, como la de Amadís».

O seguinte da ducia de textos que compoñen esta crestomatía salmónida de Cunqueiro é «Teoría del salmón y otras noticias», que acolleu a revista mensual *Vida Gallega* no número 670 de xuño de 1955. Na primeira parte desta colaboración (a segunda ocúpase dos cordeiros, dos rodaballos e das troitas) vólvese a alcumar ao «plateado príncipe» e refírense diferentes preparacións para o mesmo, para rematar cunha tan bizantina coma deliciosa discusión que ten como protagonistas ao propio Cunqueiro e un seu colega dos tempos madrileños, o xornalista Pedro Murlane Michelena:

Con D. Pedro Murlane Michelena discutía un día, va para diez años, si el salmón era celta o gótico. Por las navegaciones bien podía ser de la estirpe breogánica, pero si celta fuese, ¿cómo no recabar para él cierta palidez y aun una carne más débil y una arquitectura menos solemne? De gótico tiene la armadura y el color, el color que yo llamo *don Favila*, en memoria de este rey asturiano: los reyes perezosos de Asturias Favila, Aurelio, Mauregato, Silo eran de color salmón, y la barba de oro. Entre un celta y un gótico existe siempre la diferencia esencial que hay entre una bola de niebla fantasmal y un escudo de hierro labrado.

Co título «Cuando el salmón regresa» existe unha tríade de textos cunqueirianos. O primeiro apareceu en *La Voz de Galicia* o 20 de marzo de 1957, integrouse na serie «Estos tiempos» e tiña como ilustración a fotografía de dous homes a carón dunha mesa encol da cal descansaba un magnífico exemplar de *salmo salar*. O segundo recolleuse nunha plana de *La Noche* do 17 de abril de 1962, incorporado á serie «Los días» e cunha instantánea que tiña como pé «Un salmón saltando una de las presas del Ulla». Este último artigo

foi logo recollido por Cunqueiro, con mínimas variacións, no libro *La cocina cristiana de Occidente* (1969, pp. 165-168). Pola contra, entre o texto de *La Voz de Galicia* de 1957 e o relato converxente de *La Noche* e *La cocina cristiana de Occidente* obsérvanse maiores diferenzas, pois dos cinco parágrafos dos que consta o texto o último deles é claramente diverxente e os catro primeiros, aínda contando esencialmente o mesmo, foron reescritos dunha a outra versión.

De xeito resumido, a tríade coincide en relatar como, segundo unha antiga saga nórdica, o rei dos salmóns era un monarca real, unha sorte de híbrido humano-salmónido (o que na tradición galega chamamos «home mariño») dun reino mergullado no Mar do Norte. Este namorou unha princesa e tiveron un fillo, tamén da mesma condición híbrida, que igualmente reinou. Logo, o artigo avanza consideracións sobre a xeografía hídrica na que habita o salmón dende recuados tempos xeolóxicos ata hoxe e como, dalgunha maneira, na memoria das xeracións de salmóns fica a historia dos tempos e dos espazos que habitaron estes peixes que, segundo recorda Cunqueiro, seica dicía Cambasius que son monógamos e Laurence Welle dábaos como os máis fermosos sucadores dos ríos.

Moi outro, pola intención e tamén pola arquitectura, é o texto «Peixes de río», que conforma o décimo terceiro dos capítulos do volume *A cociña galega* (1973, Vigo, Galaxia, pp. 89-98). Neste caso, sen desatender o enfoque histórico e cultural contextual, Cunqueiro opta por densificar funcionalmente a escrita e, como é de agardar nun libro que tenta introducirnos nos vizosos eidos da nosa gastronomía, a súa redacción vólvese máis descritiva nas posibilidades culinarias do salmón.

Como *A cociña galega* é libro ben coñecido que se conta en moitos fogares galegos, aforrarei dar detalles do que nel achega sobre o salmón e apenas se subliñarei que nas súas páxinas afirma que «O salmón dos nosos ríos é un dos grandes salmóns de Europa», pois, aclara, «xa restan en Europa ben poucos ríos polos que suba o salmón».

Incorporado a unha entrega maior baixo o título xeral «Los pájaros» e cun outro bloque dedicado tamén a «Santa Lidia» atópase o texto «El salmón», publicado na colaboración de Cunqueiro para o

número da revista *Destino* correspondente ao 31 de marzo de 1973. Alí, amais de reiterar varias cuestións xa tratadas en traballos anteriores como a impresión que lle causara ver na verde herba o primeiro salmón cobrado ou dirimir a polémica sobre a antiga abundancia ou escaseza nas cortes europeas deste peixe, remata cun apuntamento no que entrelaza erudición literaria e salmónida que me presta aquí reproducir:

En Galicia se comían todos los [salmones] del Eo, del Ulla, del Miño, del Tambre, del Mandeo, del Masma, excepto unos pocos que, con gran trabajo y riesgo, en el siglo XVIII, iban desde O Ferrol a la corte de Madrid. A veces, como sabemos por una cantiga del *Cancionero de la Vaticana*, un salmón llegaba a Carrión de los Condes y se le antojaba a la mujer de un infanzón, el cual se arruinaba por complacerla. El salmón siempre fue muy caro. La última nota que tengo de su rareza y precio está tomada de un entremés de Quiñones de Benavente:

Que se engría el salmón de ver pagados
por cada libra suya mil ducados.

Y por escaso, claro. Todo lo que se le ocurre a Alfonso X, que era de buen apetito, durante una de sus estancias gallegas que coincidía con Pascua Florida, era «comer de bon salmón», beber del «bon viño d'Ouren» –léase del Ribeiro y que fuera breve el sermón del mestre Johán.

Tamén en *Destino*, mais na entrega do 11 de marzo de 1975, apareceu a colaboración «Salmón para políticos». Nela, dun xeito rotundo, Cunqueiro laméntase do sacrilexio que supuña a migración forzada deste peixe, que provocaba que os mellores salmóns do Ulla acabasen moitas veces nas mesas políticas de Madrid. Alí eran recibidos por comensais que non sabían aprecialos por estar enzoufados nas súas disputas e que os comían con desleixo, cando podían ter ficado na terra nosa, onde os ulláns si serían quen de honralos nunha boa mesa.

Como o artigo é breve, e de natureza ben outra ás restantes colaboracións cunqueirianas, permítome reproducilo aquí por enteiro:

El primer salmón de uno de los más bellos ríos gallegos, dos horas después de pescado, salió desde Santiago en avión a Madrid, con destino a una de esas cenas que se llaman políticas. Yo estaba de paso en la ribera del Ulla y fui a verlo, y me quejé de que fuera a ser consumido en tal cena, porque los comensales estarán mucho más atentos a la polémica política, a sus argumentos y distingos, que al aroma y al sabor de la delicada carne del salmón salar. Sospecho que hasta hablarán con la boca llena, mezclando con el trozo de salmón que tienen en la boca un escolio a un artículo del estatuto jurídico de las asociaciones. Para

llegar a esto, mejor sería que comieran carne en la lata de la CAT. No, no lo van a saborear. Las cenas políticas y los almuerzos de trabajo debían ser utilizados para ensayar la alimentación con píldoras: no masticando, les quedaba más tiempo para hablar...

Para comer un salmón, hay que reunirse por amistad y no por política, en sesión sosegada, sin prisa, y con espíritu de *beatus* del dichoso aquel, y atentos a la grave suavidad de la rosada carne, la boca siempre limpia por el honesto vino y la conversación, como decimos en Galicia, de *vagar*.

No semanario barcelonés *Jano*, revista de Medicina e Humanidades nacida en outubro de 1971, colaboraron ao longo de varios lustros un número importante de sinaturas de primeiro nivel que prestixiaron as súas páxinas achegando o mundo da saúde ao da literatura. Aos Miguel Delibes, Camilo José Cela, Francisco Umbral, Julián Marías, Xoán Rof Carballo ou Néstor Luján sumouse tamén Cunqueiro, quen principiou as súas colaboracións en xullo de 1972 e que achegou vinte entregas que rematou, xustamente, coa titulada «Ese príncipe plateado...» do 23 de maio de 1975, peza que, con pequenas variantes, xa adiantara no mesmo medio baixo o título «De doña Lamprea y don Salmón» o 13 de abril de 1973.

Neste artigo, Cunqueiro doíase como xa o fixera na colaboración de *Destino* de marzo de 1975 da desfeita que implicaba estragar un manxar salmónido ofrecéndoo a bocas políticas que non sabían estimalo. Evitarei reiterar as aceiradas palabras que neste sentido deitaba Cunqueiro, pois prefiro extractar agora unhas liñas do comezo que amosan o encontro gozoso co príncipe plateado:

El río Ulla, no más abrirse la veda, dio su primer salmón: siete kilos. Yo iba hacia Villagarcía, en compañía de una gentil dama a la que habían concedido un importante premio en la Fiesta de la Camelia (...) Y deteniéndonos en una bodega, nos dieron la noticia del salmón y dónde podíamos verlo. Y allá fuimos. Estaba en una mesa de piedra, bajo la parra desnuda de hojas.

– Ese príncipe plateado del que tú hablas –dijo mi amiga.

– ¡El más hermoso de los peces! –comenté yo.

O penúltimo dos artigos sobre o salmón recupera o epíteto definitivo deste sublime peixe: «Príncipes plateados», colaboración escrita para o semanario *Sábado Gráfico* do 24 de marzo de 1979. Neste texto, no que volve incidir sobre temas xa tratados en anteriores artigos, achega tamén unha lembranza feliz da degustación

do salmón en Quimper, durante unha viaxe que Cunqueiro fixera á Bretaña en maio de 1964 da que xa me teño ocupado noutro lugar (vid. «As Bretañas de Cunqueiro», VV. AA., *Galicia-Bretaña. Olladas comparadas*, Santiago, CCG, 2020, pp. 267-282). Así describe aquela xeira poñéndoa en relación cos milagres de San Corentín:

San Corentín de Quimper (...) bautizou a toda una familia de salmões en el río Odet, que pasa claro casi al pie de su catedral, en Quimper. A un lado del río está la catedral y al otro un restaurante, la Tour d'Auvergne, que recuerda a aquel soldado que tuvo la más hermosa pantorrilla de Francia. Pues yo he comido en éste un salmón del Odet, y tratamos en la cena de si era lícito o no el comerlo, en la sospecha de que fuese un católico, descendiente de los bautizados por San Corentín (...) Quizá por esta mezcla de teología y cocina, fue el más sabroso salmón que he comido en mi vida.

O derradeiro dos textos que aquí traio é, en verdade, un relato epistolar baixo fórmula pseudobíblica. Trátase da «Epístola de Santiago Apóstol a los salmões del Ulla», que, aínda escrita moitos anos antes, recollo da referencial colectánea cunqueiriana *Fábulas y leyendas de la mar* (Barcelona, Tusquets, 1982, pp. 279-282) de Néstor Luján, grande amigo do mindoniense. Este mesmo texto, como digo de carácter narrativo, tamén foi incluído despois na antoloxía *Cuento español de posguerra* (Madrid, Cátedra, 1986, pp. 117-120), da que se responsabilizou como editor literario o escritor e estudoso Medardo Fraile.

En síntese, este breve relato non é senón unha alocución nada menos que de Santiago o Zebedeo aos salmões do Ulla cominándolos a que vivan felices e que acepten con resignación a súa fin nas cociñas galegas, pois o seu sacrificio é aceptado con admiración e case veneración polos comensais de noso, que saben da súa exquisitez e singularidade e, xa que logo, a súa morte é a expiación dos seus pecados e, polo mesmo, o xeito de conseguiren a graza de chegar á presenza de Deus.

Remato este apartado, pois, co introito á epístola salmónida:

Y aconteció que, subiendo la Barca Apostólica, por las claras aguas del río Ulla, y siendo por el tiempo alegre de abril, se juntaron a babor y a estribor y a popa multitud de salmões, todos los que estaban remontando el río, como suelen, para el desove; y, como es verdad, según dijo el hagiógrafo griego, que «los huesos de los santos, de los mártires y de las vírgenes están vivos en sus venerados sepulcros, como si no los hubiese tocado el ala de la muerte corporal»,

y conservan milagrosamente el oído y la voz, aconteció que Jacobo muerto escuchaba los salmones que unos a otros se preguntaban por aquella barca de luz que subía con ellos, y mucho más plateada, y que daba un perfume que se posaba en las aguas y llegaba a ellos, dulce y misteriosa canela. Se dijo Jacobo que no podía perder aquella ocasión para predicar la Buena Nueva a aquella población fluvial, hizo que de sus huesos brotase su imagen, tal como en vivo fue, y puesta esta figura suya de pie en el banco de la barca, apoyándose en el palo, y haciendo uso del don de lenguas, [habló].

Outros remotes

Alén da ducia de textos presentados no capítulo anterior que se nuclean arredor da figura do salmón, Cunqueiro tamén aludiu noutras ocasións ao príncipe prateado, se ben máis circunstancialmente ou de xeito menos monográfico.

Estas sucintas remisións confirman o interese do de Mondoñedo polo rei dos ríos e como as historias, as vivencias ou as lendas sobre este formaron parte do seu imaxinario literario.

Son, pois, outros remotes da literatura salmónida de Cunqueiro que procede listar agora, sequera brevemente.

Así acontece co comezo da colaboración do 27 de febreiro de 1957 da serie «Cada día tiene su historia» de RNE na Coruña, para a que Cunqueiro escribiu:

El próximo domingo día tres de marzo se levanta, en los ríos gallegos, la veda de los salmónidos. A estas horas no hay pescador que no esté preparando la caña, las liñas, los anzuelos y los varios cebos, y que no sueñe con felices picadas en las riberas alegres.

Con data do 16 de abril de 1964 apareceu no *Faro de Vigo* un pé de foto de inequívoca factura cunqueiriana onde, ao carón dunha espléndida instantánea na que o doutor Doubilet da Universidade de Nova York lanzaba a sedela dende as beiras do Eo, se dicía o seguinte:

En las limpias aguas del Eo lanza esperando que pique el poderoso y bellissimo salmón, un príncipe plateado. Pesca en el Eo, en Galicia, aunque las agencias digan que pescar en el Eo es pescar en Asturias.

Documentáanse tamén varios outros artigos onde Cunqueiro dá conta da curiosa teoría de que os salmóns non só oen, senón que

son capaces de falar en latín. Estes textos son os titulados «Si los peces oyen» (*El descanso del camellero*, Barcelona, Táber, 1970, pp. 371-372), «Si las truchas oyen» (*Destino*, 9-12-1972, p. 16), a intervención para a serie «Andar y ver por Galicia» de RNE na Coruña do 22 de febreiro de 1980 e mais «De que los peces oyen» (*Fabulas y leyendas de la mar*, Barcelona, Tusquets, 1982, pp. 275-277).

Como en todos os casos a historia reproducida é a mesma con pequenas variacións, reproduzo como exemplo a aparecida no amentado «Si las truchas oyen»:

Termino contando que un salmón habló una vez en el Rhin. Respondía el salmón a un juez episcopal de Tréveris, que interrogaba desde la orilla si alguien, árbol o pez, había visto asesinar a una mujer. Asomando la cabeza fuera de las ondas (...) el salmón gritó:

– Claudius rubeus fuit!

Y como efectivamente había por allí uno que era cojo y rubio, fue colgado. Y si el salmón hablaba latín, a alguien se lo habría oído.

Fóra dos anteriores, hai aínda outros dous escritos onde se refire o salmón. Un deles, titulado «En el país de los diez mil ríos» e publicado na serie «Laberinto y Cía» da súa colaboración coa revista *Destino* do 25 de marzo de 1976, reitera a queixa de que os salmóns se desperdicien na boca dos políticos foráneos que xa criticara un ano antes no mesmo medio (vid. supra). O outro, unha intervención da serie «Andar y ver por Galicia» da súa colaboración con RNE na Coruña do 28 de agosto de 1980, volve poñer o foco na preferencia de Alfonso X polo salmón que xa relatara nun artigo para *Destino* de sete anos antes (cfr. supra art. «Los pájaros»).

O retorno do salmón

Procede rematar este ensaio tal como o salmón retorna tras o oportuno desove: convencido de que fixen por deitar no leito do río a semente para que a lectora ou lector curioso profunde nesta literatura gastronómica de Álvaro Cunqueiro dedicada ao príncipe prateado.

E quero dar cabo ao escrito cunha confesión que trae consigo un fondo agradecemento. A confesión explícase na nacementa deste artigo. Porque se non fose pola benemérita insistencia do director deste anuario *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, o benquerido

amigo Juan Andrés Fernández Castro que me inquiriu polos textos sobre o salmón e A Estrada de Cunqueiro e a necesidade da súa recuperación, probablemente non lle tería posto eu o ramo a estas páxinas, polas que agardou cunha paciencia bíblica, digna do propio Xob.

Vaian, pois, para el, as miñas máis expresivas grazas como min-doestradense que, máis unha vez, quere honrar a estirpe salmónida dos que, seguindo o exemplo do mestre Cunqueiro, sucán as augas do Masma e do Ulla.

